

CANTIGA DE VIAXEIROS

(Lema: Geisha)

*-Assim como lavamos o corpo
devíamos lavar o destino,
mudar de vida como mudamos de roupa.*
PESSOA

«Pai, eu non vexo xa a ninguén».

Xunto aos raios do empardecer,
o día esvaeceu coma pinga de gloria
espindo o seu recuncho do frío.
Escorregou en silencio as súas febles mans
para debuxar un camiño nu e estrelado
que conducía cara un niño de pomba.

«Pai, vexo unhas luces aló ao lonxe, que poderán ser?»
«Rapaz, estás seguro do que ves?»

Carambelos loitaban por vestir aquela paraxe.
Ficaban na espera dalgún sorriso de media noite,
quizais na busca dunha man amiga e quente
doadora de calor para os corpos aterecidos.

Ao final do sendeiro, una fileira de bicos de luz
coroaban a estampa que estaba a nacer.

Os axóuxeres soaron.
«Pai! Agarda! Que está a pasar?»
«Neno, ben sabes que eu son cego,
cólleme a man e lévame ata aló».

Por entre as lagoas e os piñeiros
as pegadas de dous pares de pés
—uns de chumbo, outros de plata—
borboriñaban a súa humilde chegada.
Coma o doce arrecendo dun pastel
as notas melodiosas e afins dun violín
agasallaban cunha serenata nocturna.

«Hoxe, rapaz, moi ben tocas o violín»
«Non pai, eu non son».

Unha petisa loira e celestial
alimentaba o lugar de fermosa música
mentres agardaba queda nun recanto
polas ás da boa pomba mesaxeira.
Coa mirada distante e perdida na néboa
achegou a súa man ao home de capa branca.
Clareou a voz e comezou a recitar:

«Non coñezo o meu destino
non coñezo o meu porvir,
coñezo o tacto das miñas pegadas
e mais as cordas deste violín.
O noso ollar é cego,
a nosa alma leal...
e na fe está o noso ben».

Os pasos acordes do pai e do fillo
seguían o ritmo do río Ladra
e convertían aqueles camiños de terra
na illa dos tesouros soterrados.
Sentían afouteza e ousadía
por vagar ao azar nunha noite soildosa
mais o fervor das dúas ánimas teimudas
desexaba con paixón a fin daquel vieiro.

O quiquiriquí dun gallo de trasnoitada
cambiou o rumbo dirección leste
e desnortou a bitácora dos pasaxeiros.

«Ay, neno... perdémonos, verdade?»
«Non! Non! Están alí! Podo velos preto!»

Deslizaron as súas sombras pola escuridade
ata entrar nunha casa con luz no interior.
Por fin chegaran...
e alí estaban.

Permanecían coma pezas dun crebacabezas
na espera daqueles que os buscaran na noite,
e semellando un coro de voces declamaron:

«A bondade está no amor da vida cotiá,
a bondade está nos ollos do fillo
de quen non pode ver por si só».

A face do pai deleitábase cos seus versos
cando un raio de luz áurica envolveu o cuarto.
Entón sucedeu, sucedeu a milagre...
Xa non había soildade no seu mirar
xa non sentía o son dunha cantiga enfeitizada.
O home, da man do neno, mirou ao seu arredor
e puido ver as siluetas que denantes os chamaran
transformadas en fermosas figuras de cor.
Puido ver ao seu fillo, puido ver a ilusión da vida.

Aquela estampa de maxia e agarimo
encheu as almas de todo transeúnte
que escoitara o chamamento das estrelas.